

Código do documento	Código do expediente
<b>UPO15I010C</b>	<b>UPO/2021/47</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
4K1F 3F6J 4Z18 6S24 0SVX	

MFV

Publíquese para o seu coñecemento:

#### ANUNCIO CORRECCIÓN ERRO BASES TÉCNICO DE TURISMO

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria celebrada o día catorce de xuño de dous mil vinte e un adoptou o seguinte acordo:

#### **CORRECCIÓN ERRO NAS BASES DA CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DUN/DUNHA TÉCNICO/A DE TURISMO, APROBADAS NA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 19 DE MAIO DE 2021**

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria celebrada o día 19 de maio de 2021, aprobou a convocatoria e as bases da convocatoria que rexerán o proceso selectivo para a provisión, con carácter de urxencia e de xeito temporal, polo sistema de concurso-oposición dun/dunha técnico de turismo.

O día 4 de xuño de 2021, publicouse no Boletín Oficial da Provincia a convocatoria e a as bases da convocatoria que rexerán o proceso selectivo para a provisión, con carácter de urxencia e de xeito temporal, polo sistema de concurso-oposición dun/dunha técnico de turismo.

Advertido un erro material no punto 5.1.2 das bases da convocatoria *que rexerán o proceso selectivo para a provisión, con carácter de urxencia e de xeito temporal, polo sistema de concurso-oposición dun/dunha técnico de turismo* e de acordo co disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, acordouse a corrección do punto 5.1.2 das citadas bases da convocatoria, de acordo co seguinte detalle:

Onde di:

*"5.1.2. Cursos de idiomas (ata un máximo de 3 puntos):*

*- Coñecemento do idioma inglés ata un máximo de 1,5 puntos:*

- a) Nivel usuario básico.- Nivel A 1: 0,5 puntos; Nivel A 2: 0,50 puntos*
- b) Nivel usuario independente.- Nivel B 1: 1,5 puntos; Nivel B 2: 1 punto*
- c) Nivel usuario competente.- Nivel C 1: 2,5 puntos; Nivel C 2: 1,5 puntos.*

*- Coñecementos doutros idiomas, ata un máximo de 1,5 puntos.*

- a) Nivel usuario básico.- Nivel A 1: 0,5 puntos Nivel A 2: 0,50 puntos*
- b) Nivel usuario independente.- Nivel B 1: 1,5 puntos; Nivel B 2: 1 punto*
- c) Nivel usuario competente.- Nivel C 1: 2,5 puntos; Nivel C 2: 1,5 puntos.*

*O nivel acreditarase mediante título expedido, e no seu caso homologado, por organismo competente. Só se valorará o nivel máis alto e a puntuación outorgada ao nivel superior exclúe a outorgada ao curso inferior.*

*Os diplomas ou documentos que acrediten a realización dos cursos deberán expresar, con suficiente claridade, a súa duración en horas e o seu contido básico. "*

Debe dicir:

*"5.1.2. Cursos de idiomas (ata un máximo de 3 puntos):*

- Coñecemento do idioma inglés ata un máximo de 1,5 puntos:*

- a) Nivel usuario básico.- Nivel A 1: 0,25 puntos; Nivel A 2: 0,5 puntos*

Código do documento	Código do expediente
<b>UPO15I010C</b>	<b>UPO/2021/47</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
<b>4K1F 3F6J 4Z18 6S24 0SVX</b>	

- b) Nivel usuario independente.- Nivel B 1: 0,75 puntos; Nivel B 2: 1 punto
- c) Nivel usuario competente.- Nivel C 1: 1,25 puntos; Nivel C 2: 1,5 puntos.

O nivel acreditarase mediante título expedido, e no seu caso homologado, por organismo competente; só se valorará o nivel máis alto e a puntuación outorgada ao nivel superior exclúe a outorgada ao curso inferior.

– Coñecementos doutros idiomas, ata un máximo de 1,5 puntos:

- a) Nivel usuario básico.- Nivel A 1: 0.25 puntos Nivel A 2: 0,5 puntos
- b) Nivel usuario independente.- Nivel B 1: 0,75 puntos; Nivel B 2: 1 punto
- c) Nivel usuario competente.- Nivel C 1: 1,25 puntos; Nivel C 2: 1,5 puntos.

O nivel acreditarase mediante título expedido, e no seu caso homologado, por organismo competente; só se valorará o nivel máis alto e a puntuación outorgada ao nivel superior exclúe a outorgada ao curso inferior.

*Os diplomas ou documentos que acrediten a realización dos cursos deberán expresar, con suficiente claridade, a súa duración en horas e o seu contido básico.”*

C..I.F. P-1503100-H

Culleredo, a data da sinatura dixital

A concelleira delegada de Seguridade cidadá e Persoal